



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA DESENVOLVER A RECAUDACIÓN DO PROGRAMA DE FACTURACIÓN DAS VIVENDAS E LOCAIS COMERCIAIS DE PROMOCIÓN PÚBLICA DO IGVS E DEVOLUCIÓNS DERIVADAS DO DEPÓSITO E CANCELACIÓN DE FIANZAS NO IGVS.

En Santiago de Compostela a 9 de xuño de 2017.

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG nº 217, do 14 de novembro), na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, D. José Lino Comesaña Calvo, maior de idade, con CIF A70302039, en representación da entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. (en adiante, ABANCA), domiciliada na Rúa Cantón Claudino Pita, 2, Betanzos, A Coruña, e con NIF número A70302039, inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, tomo 3426 da Sección Xeral, folio 1, folla número C-47.803, inscrición 1ª, segundo resulta da escritura autorizada polo Notario de Vigo, D. José Piñeiro Prieto, de 4 de xaneiro de 2010, co número 1 do seu protocolo.

As partes declaran a plena vixencia das facultades coas que actúan e recoñécense capacidade legal suficiente para asinar o presente Convenio e

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, establece que lle corresponde a este organismo a realización da política de vivenda da Xunta de Galicia co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, establecendo no seu artigo 4.1.f) entre as súas funcións a administración e xestión directa, ou mediante concertos, das fianzas legalmente establecidas nos supostos de arrendamento de vivendas e locais de negocio e contratos de subministración.

A través do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS, trátase de regular o solo e a promoción pública de vivendas do IGVS e, por ende, o seu patrimonio, dotando ao IGVS



dunha ferramenta de xestión que permita a consecución eficaz das funcións que lle son propias.

A disposición adicional 3ª do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, establece que o IGVS poderá asinar convenios de colaboración con entidades financeiras ou de crédito para xestionar o cobramento dos recibos das vivendas que estean en facturación directa.

Segundo.- O Decreto 42/2011, do 3 de marzo, polo que se establece o procedemento para o depósito das fianzas dos arrendamentos relativos a predios urbanos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia regula o desenvolvemento da obriga legal, establecida no artigo 36 da Lei 29/1994, do 11 de novembro, de arrendamentos urbanos, do depósito das fianzas dos predios urbanos que se destinen a vivenda ou a uso distinto do de vivenda, así como as fianzas que por calquera concepto se lle esixan ás persoas abonadas a subministracións ou servizos, na formalización de contratos que afecten as vivendas e demais predios urbanos.

Terceiro.- O IGVS pretende mellorar a eficacia das actuacións desenvolvidas nestes ámbitos ao servizo do cidadán facéndoa máis participativa e fomentando a utilización dos sistemas telemáticos co obxectivo de achegar a Administración ao cidadán baseándose en modernas tecnoloxías da información e telecomunicacións, que permiten entre outras cousas a integración en tempo real dos seus sistemas informáticos con entidades financeiras colaboradoras, logrando deste xeito un servizo máis áxil e próximo.

Cuarto.- O IGVS conta nunha parte dos seus ingresos coa recadación dos alugueres das vivendas de promoción pública e dos locais comerciais, polo que se precisa a colaboración dunha entidade financeira que permita a recadación ordenada e eficaz da facturación das vivenda e locais que posibilite aos adxudicatarios das vivendas e locais un pago áxil, cómodo e próximo a través das diferentes oficinas da rede da entidade. O mesmo sistema se pretende para o depósito e cancelación das fianzas.

Quinto.- O IGVS dispón duns servizos web e unha arquitectura que permite garantir:

- A ampliación dos niveis de seguridade e salvagarda de datos.
- A independencia entre os procesos de facturación e o resto de os sistemas informáticos actualmente en uso no IGVS.
- O funcionamento ininterrompido do sistema.
- O tratamento masivo de datos.
- A consistencia entre as anotacións de recibos cobrados e os movementos das contas de recadación.
- A consistencia entre as anotacións de depósitos e cancelacións e os movementos da conta de fianzas.

A entidade financeira ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. ten desenvolvido un módulo informático que permite, en colaboración co IGVS, establecer consultas



en tempo real, imprimir e entregar os xustificantes de pagos efectuados polos adquirentes das vivendas de promoción pública adxudicadas en réxime de aluguer, acceso diferido ou de compravenda e dos locais comerciais. Un sistema similar existe para os depósitos e cancelacións das fianzas.

Aínda que este convenio inicial se asina coa entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. por ser a entidade con maior implantación de oficinas en todo o territorio galego, existindo, polo menos, unha oficina bancaria nos concellos nos que o IGVS ten vivendas de promoción pública, non ten un carácter exclusivo polo que se poderá adherir calquera entidade de crédito que cumpra cos criterios marcados polo IGVS para dar un sistema de cobro dos recibos das vivendas, e dos depósitos de fianzas.

Ao abeiro do exposto, e có obxectivo de coordinar las actuacións de ambas partes, os asinantes acordan formalizar o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O presente convenio ten por obxecto a prestación por parte da entidade financeira ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. dos servizos financeiros consistentes en xestionar a recadación e/ou devolución por parte dos obrigados ao aboamento dos:

- Recibos das vivendas de promoción pública adxudicadas nos diferentes réximes.
- Recibos dos locais comerciais.
- Ingresos dos depósitos e devolucións das cancelacións das fianzas depositadas pola obriga legal do arrendamento.

Segunda.- Posibilidade de adhesión de outras entidades financeiras

Tal e como figura no expoñendo quinto o presente convenio non terá carácter de exclusivo, xa que con independencia das partes que o asinan poderían adherirse ao mesmo outras entidades financeiras, que cubran a implantación territorial das súas oficinas en tódolos concellos da Comunidade Autónoma nos que existan vivendas de promoción pública pertencentes ao IGVS, respecto da xestión da facturación das vivendas e locais.

Ademais tanto para a xestión da facturación das vivendas e locais como para a xestión dos depósitos e cancelacións de fianzas poderá adherirse calquera entidade que cumpra cos criterios marcados polo IGVS: ter un canal de comunicación seguro coa Xunta de Galicia e ter un programa cliente para



conectar (a través de dito canal) cos servizos do IGVS. A adhesión realizaríase a través da sinatura dunha adenda ao presente convenio.

A estes efectos, e sen prexuízo da súa publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, o IGVS realizará todas aquelas actuacións que se consideren necesarias para a difusión do obxecto do convenio ente as distintas entidades financeiras con implantación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.- Actuacións e obrigas da entidade financeira

A xestión realizada pola entidade financeira de recadación consistirá en:

- Respecto da facturación das vivendas e locais:

Os adxudicatarios acudirán á entidade a realizar o pago dos recibos que figuran no programa informático do IGVS e que está conectado, mediante servizos web, coa entidade financeira e no que se marcará aquel que efectivamente fose aboado.

A entidade terá a obriga de confirmar cada operación co IGVS mediante os servizos web.

A entidade financeira enviará os movementos mensuais por xanela (arquivos de ingresos e de anulacións) ao IGVS.

Respecto dos recibos domiciliados o IGVS enviará ao final de cada mes a relación dos recibos e unha vez recibidos o cobro destes, a entidade enviará as incidencias que se produzan como consecuencia de devolucións de recibos.

- Respecto do depósitos e cancelacións:

Os obrigados ao depósito das fianzas farán a solicitude vía internet ou a través das oficinas do IGVS e o programa facilitalle un código co que acudirán á entidade financeira para realizar o depósito.

As entidades financeiras asumirán as seguintes obrigas:

- A xestión do cobro dos recibos domiciliados. Estas ordes de cobro enviaranse mensualmente con envío dun arquivo con formato axustado ao caderno C.B.S. núm 19, adebedamento por domiciliación en soporte magnético, establecido pola Axencia Española da Banca.

-Dotarán as súas sucursais para a xestión dos cobros por xanela dos recibos non domiciliados e das fianzas. O IGVS subministrará os servizos telemáticos apropiados para facer posible a consulta on-line dos recibos que poida ter pendentes calquera adxudicatario, identificado polo seu NIF, así como dos depósitos de fianzas que teña pendentes calquera depositante, identificado polo seu NIF.

- Este servizo ofrecerano as entidades no horario que teñan establecido de atención ao público.



- Todo cobro, domiciliado ou non, ademais de ser ingresado na respectiva conta de recadación ou de fianzas, será comunicado on-line ao IGVS.

- Cunha periodicidade como mínimo mensual, a entidade recadadora enviará un ficheiro detallando os cobros de facturación, de acordo a un formato que será establecido de mutuo acordo polas partes asinantes.

- No caso de devolucíons de fianzas, o IGVS transmitirá á entidade financeira un ficheiro no formato establecido no C.S.B. núm 34-1, ordes en ficheiro para a emisión de transferencias e cheques, establecido pola Axencia Española da Banca, e a través de EDITRAN aquelas fianzas depositadas e que son susceptibles de devolución cunha periodicidade diaria. A entidade recadadora enviará un ficheiro detallando os movementos da conta de fianzas e un informe coas posibles incidencias que puideran xurdir no proceso de transferencias. O formato dos datos devoltos ao IGVS será tratado entre a entidade e o IGVS.

Para asegurar a súa conexión e compatibilidade cos programas informáticos do IGVS deberán contar cun módulo informático que permita establecer consultas en tempo real, imprimir e entregar os xustificantes dos pagos efectuados polos adquirentes das vivendas de promoción pública e dos depósitos das fianzas, nas diferentes oficinas da rede da entidade.

Cuarta.- Obrigas do IGVS

O IGVS aboará mensualmente á entidade financeira a realización de ditas prestacións atendendo aos seguintes importes máximos:

Por recibos domiciliados con soporte 0,30 € por recibo
magnético:

Por recibos devoltos 0,37 € por recibo

Por recibos non domiciliados 0,94 € por recibo

Depósitos de fianzas: 0,78€ depósito

A previsión aproximada das actuacións referidas no cadro anterior é a seguinte:

Por recibos domiciliados con soporte 4.000/mes
magnético:

Por recibos devoltos 150/mes

Por recibos non domiciliados 3.000/mes

Depósitos de fianzas: 20.000/ano



Tendo en conta estas estimacións resultaría un importe total máximo de 129.012,00€ (IVE incluído) para os dous anos de vixencia do convenio.

O pago realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.227.08, coa seguinte distribución de anualidades:

2017 48.379,50€

2018 64.506,00€

2019 16.126,50€

A dita achega farase efectiva polo IGVS en función das correspondentes facturas separadas, unha polas facturacións das vivendas e locais e outra polos depósitos e cancelacións das fianzas, que se expedirán mensualmente e que deben ser conformadas polo persoal encargado da xestión da facturación e do servizo de fianzas.

No caso de ter que satisfacer por parte do IGVS contías superiores ás sinaladas realizarase a través da correspondente addenda ao Convenio.

Quinta.- Seguimento, vixilancia e control do convenio

Aos efectos de garantir o adecuado seguimento, control e interpretación do cumprimento do presente Convenio constituirase unha Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes. Esta Comisión reunirse a petición de calquera das partes e, polo menos, dúas veces ao ano.

Sexta.- Protección de datos

ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., respecto dos datos de carácter persoal ós que teña acceso no eido da execución do obxecto do presente convenio, e en canto que encargada do tratamento de tales datos a efectos do disposto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, deberá cumprir as obrigas que se indican a continuación:

- 1) Axustarse en todo momento, respecto do tratamento dos datos referidos, ó establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, así coma na demais normativa vixente sobre a materia.
- 2) Tratar os datos unicamente de conformidade coas instrucións do IGVS.
- 3) Non aplicar nin empregar ditos datos con fin distinto ao cumprimento das funcións que se lle encomendan no presente Convenio. En consecuencia, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. SA absterase, en todo caso, de aplicar ou empregar os datos para sí ou para terceiros.
- 4) Tratar os mencionados datos co arranxo da máis estricta confidencialidade e, polo tanto, non comunicalos, nin sequer para súa conservación, a outras persoas ou entidades.



5) De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei Orgánica 15/1999, desenvolver as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade de tales datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. Concretamente, implementaranse, polo menos, as medidas que, en función da natureza dos datos, sexan esixibles de conformidade ao establecido no Real Decreto 1720/2007, ou na normativa que, no seu caso, no futuro o substitúa ou modifique.

6) Unha vez cumprida a prestación obxecto do Convenio, destruír ou devolver ao IGVS, á elección deste último, os datos tratados, ao igual que calquera soporte ou documento no que conste algún dato obxecto de tratamento, sen prexuízo do cumprimento por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. das obrigas de conservación dos referidos datos que, no seu caso, lle sexan esixibles de conformidade ao establecido na lexislación vixente.

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentemento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Sétima.- Prazo de vixencia do convenio

O presente Convenio estenderá a súa vixencia durante dous anos desde a súa sinatura, podendo ser obxecto de prórroga bienal por acordo expreso das partes asinantes producido con dous meses de antelación á data de finalización do Convenio e sempre que permanezan vixentes as circunstancias que motivaron a súa formalización.

Oitava.- Resolución do convenio

Son causas de resolución do presente convenio as establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Nos termos establecidos no artigo 52.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, entenderase que existe incumprimento das obrigas asumidas polas partes no Convenio, constitutivas de causa de resolución, nos seguintes supostos:

-Con respecto á entidade financeira, cando nalgunha das súas sucursais non se puidera facer efectivo polos adxudicatarios das vivendas e locais o aboamento dos recibos non domiciliados ou o depósito das fianzas por parte dos obrigados, así como a domiciliación dos recibos.

- Con respecto ao IGVS, cando se produza a imposibilidade ou interrupción no funcionamento do sistema web establecido para desenvolver a colaboración coa entidade financeira obxecto do convenio, e cando se produza unha demora no abono das facturas emitidas pola entidade financeira superior aos sesenta días desde dita emisión no sistema electrónico de facturación.

Os efectos da resolución do Convenio produciranse se unha vez transcorrido o prazo dun mes desde que a parte asinante non responsable do incumprimento lle



fixera o correspondente requirimento á parte incumpridora persiste dito incumprimento.

A resolución do Convenio polas causas de incumprimento sinaladas anteriormente non implicará a indemnización de danos ou perdas a favor da parte non incumpridora.

Novena.- Réxime xurídico

Ao presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos das Administracións Públicas, conforme ó disposto no artigo 4.1. d) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, coa salvedade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

En proba de conformidade, asínase o presente Convenio, en triplicado exemplar e a un so efecto, no lugar e data citados supra.

POLO INSTITUTO GALEGO DA
VIVENDA E SOLO



Ethel M.^a Vázquez Mourelle

POR ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.


José Lino Comesaña Calvo

